



Presentación da **MATERIOTECA DE GALICIA** e Workshop de Materiais para a Economía Circular

Mércores, 19 de xuño de 2019 // CIS Tecnoloxía e Deseño, Ferrol



MATERIOTECA DE GALICIA

Os **materiais innovadores** son unha das **claves da Industria 4.0 e da transformación dixital das empresas galegas**. É neste contexto no que nace a **Materioteca de Galicia**, unha iniciativa singular con orixe no **Programa de Deseño para a Innovación da Xunta de Galicia 2020**, promovido pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria** a través da **Axencia Galega de Innovación (GAIN)**, e ubicada no **Centro de Innovación e Servizos da Tecnoloxía e o Deseño (Ferrol)**.

A materioteca preséntase como un **espazo de difusión de materiais innovadores** que combina unha exposición e arquivo de mostras clasificadas, con servizos especializados para facilitar a transferencia de tecnoloxías de materiais ao tecido empresarial e estimular a innovación intersectorial.

A presentación e visita á nova instalación acompañarase da celebración do **workshop “Materiais para a economía circular”**.

A primeira parte do workshop consistirá na **presentación por parte de grupos de investigación e centros tecnolóxicos** –todos eles colaboradores da Materioteca de Galicia– das propostas máis innovadoras de **materiais adaptados aos criterios establecidos pola chamada economía verde**, como os materiais de orixe natural, biodegradables ou fotocatalíticos, así como procesos que permiten obter materiais mediante a revalorización dos residuos.

O workshop completarase cun **taller práctico** onde os participantes traballarán en grupo sobre diversos tipos de **ecomateriais innovadores** para explorar, mediante técnicas de *brainstorming* e *pool de ideas*, oportunidades de aplicacións innovadoras partindo de diferentes retos no deseño de produtos.

10.30 - 10.45 h	REXISTRO DE ASISTENTES
<hr/> <p style="text-align: center;">PRESENTACIÓN DA MATERIOTECA DE GALICIA</p> <p style="text-align: center;"> 10.45 - 11.10 h</p> <hr/>	
10.45 - 10.55 h	Presentación da Materioteca de Galicia. Patricia Argerey, directora da Axencia Galega de Innovación (GAIN).
10.55 - 11.10 h	A materioteca de Galicia, un novo espazo para a difusión intersectorial de materiais innovadores. María José Mariño, directora da Área de centros de GAIN.
<hr/> <p style="text-align: center;">WORKSHOP - PRESENTACIÓN DE MATERIAIS PARA A ECONOMÍA CIRCULAR</p> <p style="text-align: center;"> 11.10 - 13.45 h</p> <hr/>	
11.10 - 11.35 h	Green materials e retos da economía circular no sector da automoción. Raquel Ledo, responsable da área de innovación de materiais do Centro Tecnolóxico da Automoción (CTAG).
11.35 - 12.00 h	Presentación da Agrupación Estratéxica en Materiais e as súas capacidades no ámbito da economía circular. José Rivas, coordinador da AEMAT-USC.
12.00 - 12.40 h	PAUSA CAFÉ
12.40 - 13.05 h	A economía circular e a simbiose industrial no sector cerámico. Francisco Guitián, director do Instituto de Cerámica de Galicia.
13.05 - 13.30 h	Materiais para o impulso da economía circular nos sectores pesqueiro, forestal e lácteo: BIOCHARMB, BIOPOL, DEGRADE e MEXICAL. Julio Fierro, Investigador Principal economía circular del área ECO BIO Tecnoloxías da Fundación CETIM.
13.30 - 13.45 h	Clausura do encontro. Francisco Conde, conselleiro de Economía, Emprego e Industria.
13.45 - 15.00 h	PAUSA ALMORZO. Visita libre á Materioteca de Galicia
<hr/> <p style="text-align: center;">WORKSHOP - TALLER DE INNOVACIÓN EN MATERIAIS</p> <p style="text-align: center;"> 15.00 - 18.00 h</p> <hr/>	
15.00 - 18.00 h	Taller de innovación en materiais. Coordinado por Unai Etchebarria, director de Material ConneXion Bilbao. <ul style="list-style-type: none"> ▶ Presentación de materiais innovadores para a economía circular. ▶ Debate e posta en común: xeración de ideas para resolver retos a partir dos materiais presentados. ▶ Traballo en grupo para selección e priorización das mellores oportunidades de innovación. ▶ Posta en común de todos os grupos.